

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE MARÍN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PRÁCTICA DO ALUMNADO DO CURSO PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE SSCS0208 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE MARÍN EN COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte,

Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 24 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte,

María Pilar Ramallo Vázquez con DNI 52495851F, en calidade de alcaldesa do concello de Marín, con número de identificación fiscal P3602600C e enderezo na Avda. de Ourense, s/n, CP 36900 de Marín, en uso das facultades que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente convenio de colaboración e

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 139/2024, do 24 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e consecuentemente, a atención do colectivo de persoas maiores.

II.- Que, dentro das competencias do punto anterior, elabora con carácter específico as políticas dirixidas ás persoas maiores tendo en conta o do establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. En particular, no marco desas competencias están comprendidas as funcións relativas ao fomento e á promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como a das relacións interxeracionais.

III.- Que o concello de Marín leva a cabo o Obradoiro Dual de Emprego "Concello de





Marín I", da especialidade "Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio e institucións sociais" no que se imparte o curso para a obtención do *Certificado de profesionalidade* **SSCS0208 Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais** co obxectivo de formar persoas desempregadas do Concello de Marín e que poidan acceder ao mercado laboral cunha cualificación que ao seu remate leve aparellada a obtención do correspondente certificado de profesionalidade. Este curso consta, ademais da formación teórica, dunha formación práctica.

IV.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade está interesada en recibir ao alumnado deste curso facilitándolle a realización dos períodos de formación práctica en centros dependentes da mesma e relacionados co curso.

V.- Que ambas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas funcións o establecemento da súa colaboración no ámbito formativo a través da sinatura do presente convenio, acadando un compromiso por parte das dúas entidades para crear os ámbitos adecuados de colaboración para que o alumnado do curso *Certificado de profesionalidade* **SSCS0208 Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais**, dentro do Obradoiro Dual de Emprego "Concello de Marín I", da especialidade "Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio e institucións sociais" poida realizar as actividades de formación práctica e aprendizaxe relacionadas cos períodos de Formación Práctica, en Centros da Consellería de Política Social e Igualdade.

E en virtude do exposto, e recoñecéndose ambas as dúas partes, na representación que sustentan, capacidade legal suficiente acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto e actividades

O obxecto do presente convenio e establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Marín para o desenvolvemento dos períodos de formación práctica do curso *Certificado de profesionalidade* **SSCS0208 Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais**, dentro do Obradoiro Dual de Emprego "Concello de Marín I", da especialidade "Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio e institucións sociais" en centros dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade.

A formación teórica-práctica do curso desenvólvese nas instalacións do Centro Príncipe Felipe da Avda. de Montecelo, nº 12 e CP 36161 da localidade de Pontevedra e o módulo de prácticas profesionais da especialidade desenvolverase nas instalacións dependentes da Consellería de Política Social e Igualdade da Residencia de Maiores de Marín, con domicilio na Rúa Alcalde Ezequiel Massoni, nº 9 e CP 36900 de Marín e na Residencia de Maiores de Campolongo, con domicilio na Avda. De María Victoria Moreno, nº 26 e CP 36001 de Pontevedra.

O plan de formación consistirá na formación práctica de dez alumnos, 6 na Residencia



de Maiores de Marín e 4 na Residencia de Maiores de Campolongo de Pontevedra en dúas quendas, a primeira do 5 de setembro ao 14 de outubro e a segunda do 14 de outubro ao 25 de novembro, de luns a venres, cun horario de 09:00 a 15:00 polas mañás e de 15:00 a 20:00 polas tardes, dependendo dos grupos, segundo a dispoñibilidade das Residencias, co seguinte contido:

1. Uso de documentación e protocolos no ámbito da Residencia:

- Utilización dos protocolos de actuación.
- Transmisión da información correspondente á persoa usuaria sobre as intervencións directas que se lles van realizar co fin de que poida colaborar e teña previsións dos contactos físicos directos e dos movementos e actividades que se realizan a continuación coma: imos ir ao comedor; a tomar o almorzo; voulle realizar o aseo de mans ou imos botar crema hidratante.
- Rexistro das incidencias no protocolo correspondente e transmitir a información. Nestes protocolos recolleríanse unha serie de documentación referente á persoa usuaria: folla de coidados individualizados, se houbera unha caída nun parte de caída, libro de incidencias que recollen algúns feitos importantes que vaian xurdindo de cara á atención e vixilancia continuada necesarias.

Nos protocolos tamén existe un plan de comunicacións cos distintos profesionais que realizan intervencións coa persoa usuaria de acordo co organigrama: traballo social, enfermeira, terapeuta ocupacional, fisioterapeuta, psicólogo, dirección, etc

- Utilización da documentación socio-sanitaria correspondente a cada caso. Esta documentación utilízase entre os profesionais comprometidos no coidado das persoas usuarias.

O alumnado en prácticas debe coñecer os documentos cos que se traballa de forma diaria para aprender a manexalos.

A sistematización do traballo fai imprescindible o manexo da documentación coa información básica que afecta directamente ao ámbito dos coidados e as actividades da vida diaria da persoa usuaria. Establécese na Institución de forma protocolaria quen accede á documentación necesaria para a realización das tarefas que conforman o posto de traballo no que se está formando ao alumnado.

Con respecto á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Obradoiro Dual de Emprego "Concello de Marín I", da especialidade "Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio e institucións sociais" explícase a importancia da mesma e relacionado con isto, todo o alumnado en prácticas asina un Compromiso de Confidencialidade de Prácticas Profesionais no que se compromete a respectalas.

2. Desenvolvemento das actividades relacionadas coa atención hixiénico-alimentaria en institucións:

- Realización do aseo e hixiene corporal adaptados ás diferentes persoas usuarias.
- Prevención de úlceras de decúbito.
- Realización de diferentes tipos de camas, seleccionando as roupas e materiais adecuados a cada situación.



- Coidado das condicións ambientais e dos efectos persoais da persoa usuaria.
- Alimentación por vía oral das persoas usuarias, se é o caso, utilizando os apoios necesarios.

3. Atención socio-sanitaria ás persoas usuarias respectando sempre o nivel de competencia do persoal da Residencia:

- Observación e rexistro da evolución funcional e as actividades de atención física das persoas usuarias. Durante o desenvolvemento das tarefas relacionadas co posto de traballo do alumnado de prácticas e para facer un seguimento axeitado da persoa usuaria é preciso realizar un rexistro da evolución funcional para ir adecuando de forma individualizada os apoios que precisa.

Esta información debe ser canalizada correctamente, segundo os protocolos de actuación e canais de información previstos, para posibilitar a continuidade das intervencións das/os profesionais implicados: profesionais da sanidade, fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, psicóloga/o, xerocultoras/es, etc.

Todas estas observacións individualizadas rexístranse no Protocolo de Atención Individualizada (PAI) por parte de todo o equipo interdisciplinar.

- Colaboración na toma de constantes vitais
- Administración de diferentes tipos de medicación.
- Mobilización, traslado e deambulación das persoas usuarias, empregando as axudas técnicas adecuadas.
- Actuación ante diferentes situacións de emerxencia aplicando os primeiros auxilios correspondentes.
- Emprego das canles adecuadas para comunicar á coordinadora de enfermería, como persoa responsable, este tipo de incidencias en tempo e forma e seguirase en todo momento aquelas que marque o protocolo da institución.

O alumnado en prácticas non laborais, sempre estará tutorizado e acompañado por persoal do centro, profesionais de atención sociosanitaria, que o apoiará nesta aprendizaxe.

Existen protocolos de vías de comunicación de incidencias das persoas usuarias, onde se designa o formulario: parte de incidencias, folla de caídas, petición de vestiario, recollida de constantes vitais, folla de coidados individualizados, etc, que vai dirixido á persoa profesional implicada: de medicina, de enfermería, traballo social, responsables de comedor, de vestiario, etc.

O alumnado en prácticas non estará habilitado para asinar os partes pero debe aprender a manexalos a través da aprendizaxe que lle facilitará a persoa titora do centro do traballo.

4. Técnicas de apoio psicosocial e de comunicación en institucións.

- Habilidades sociais que favorezan a integración da persoa usuaria.
- Actividades de acompañamento á persoa usuaria, atendendo ás características da mesma.



- Colaboración na estimulación das capacidades intelectuais da persoa usuaria.
- Fomento da autonomía persoal da persoa usuaria nas actividades diarias.
- Utilización das axudas necesarias e adecuadas para mellorar a comunicación coa persoa usuaria.
- Sistemas de comunicación, habituais e alternativos: Utilización da linguaxe, tanto oral, como xestual ou por escrito, que se adapte ás características persoais da persoa usuaria (sexo, idade, nivel cultural, orixe).

Realízanse actividades que as persoas técnicas deseñan para que as implemente o persoal auxiliar coa finalidade de lograr a integración das persoas usuarias na institución e o obxectivo último da consecución da autonomía e a autodeterminación. Precisan utilizar habilidades comunicativas como a empatía, escoita activa, técnicas de comunicación con usuarios con necesidades especiais.

O alumnado en prácticas terá que realizar intervencións de apoio e supervisión de actividades de terapia para as Actividades Básicas da Vida Diaria, actividades para a mellora da memoria, da orientación á realidade, concentración, habilidades de linguaxe, etc.

Estas técnicas de apoio psicosocial esténdense desde a recepción da persoa usuaria e inclúiran aquelas de desenvolvemento das áreas psicosociais, actividades lúdicas, formativas, etc.

O deseño destas técnicas corresponderalle ao persoal especializado do equipo interdisciplinar e será función do alumnado en prácticas realizar apoio e supervisión na realización das mesmas, apoiado pola persoa titora do centro de traballo:

5. Integración e comunicación no centro de traballo

- Comportamento responsable no centro de traballo.
- Respecto aos procedementos e normas do centro de traballo.
- Interpretar e executar con dilixencia as instrucións recibidas pola persoa responsable das prácticas.

O alumnado en prácticas debe interpretar e executar con profesionalidade. as instrucións que lles indiquen, segundo o protocolo da institución.

O alumnado en prácticas debe realizar as funcións exclusivas do seu posto tales como actividades hixiénico sanitarias, acadando autonomía a través da práctica, así mesmo, tamén, con persoas con necesidades especiais que requiran uns coidados ou atencións concretos establecidos pola/o profesional especializada/o correspondente.

As instrucións seguirán o organigrama da institución podendo incluír persoal de medicina, enfermería, terapia ocupacional, fisioterapeuta, psicoloxía, etc.

O alumnado en prácticas sempre estará titorizado por persoal do centro de traballo que supervisará esta asunción de ordes coa interpretación e execución adecuada.

- Recoñecemento do proceso produtivo da organización.
- Utilización das canles de comunicación establecidos no centro de traballo.
- Adecuación ao ritmo de traballo da empresa.





- Seguimento das normativas de prevención de riscos, saúde laboral e protección do medio ambiente.

O alumnado deberá xustificar as faltas de asistencia.

Ao remate das prácticas será avalidado pola titora do curso.

SEGUNDA.- Obrigas

As cláusulas do presente convenio rexerán as prácticas que desenvolva o alumnado indicado no anexo, en tanto manteña a dita condición.

O anexo inclúe os datos do alumnado que desenvolverá o seu período de formación práctica na Residencia de Maiores de Marín e na Residencia de Maiores de Campolongo da Consellería de Política Social e Igualdade nas que se desenvolverá esta formación práctica, así como as datas de inicio e remate deste período de formación.

TERCEIRA.- Seguro de accidentes

O Concello de Marín concertará a existencia dun seguro de accidentes que cubrirá o posible risco do alumnado en prácticas, así como unha póliza pola responsabilidade civil ocasionada, se fora o caso, con motivo da actuación do mesmo no desenvolvemento das prácticas.

CUARTA.- Seguridade Social

A inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas e o custo económico desta medida correrá a cargo do Concello de Marín.

QUINTA.- Incidencias ou conflitos

A resolución de incidencias ou eventuais conflitos que teñan lugar durante o desenvolvemento do período de formación práctica resolveranse pola coordinadora de enfermería das Residencias e o órgano responsable das prácticas do Concello de Marín.

SEXTA.- Tutorización

As actividades do alumnado realizaranse baixo a tutorización da persoa responsable das prácticas, que deseñará as actuacións que este levará a cabo dentro dos contidos dos períodos de formación práctica obxecto da súa estancia.

SÉTIMA.- Certificación das titorías

O Concello de Marín. recoñecerá o labor realizado polas persoas titoras das Residencias de Maiores, polo que emitirá un certificado destinado a tal fin, sempre que a Consellería de Política Social e Igualdade así o solicite, para os efectos oportunos.

OITAVA.- Inexistencia de relación laboral

A realización dos períodos de formación do alumnado nos centros da Consellería de Política Social e Igualdade non suporá nunca a cobertura dun posto de traballo.

En ningún caso se derivarán destes períodos de formación práctica, para o alumnado deste curso, as obrigas nin os dereitos propios dun contrato laboral nin a obriga de contratación posterior por parte da Residencia de Maiores de Marín ou da Residencia





de Maiores de Campolongo, nin da Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo, tampouco terá dotación económica ningunha pola realización destas prácticas, nin por parte da Residencia de Maiores de Marín, da Residencia de Maiores de Campolongo nin por parte da Consellería de Política Social e Igualdade.

NOVENA.- Información sobre medidas de seguridade e hixiene

A Residencia de Maiores de Marín e a Residencia de Maiores de Campolongo informarán, formarán e farán cumprir e respectar ao alumnado as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas propias Residencias. Neste sentido, a Consellería de Política Social e Igualdade declara que as Residencias posúen as habilitacións necesarias e cumpren as condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguridade esixidas pola lexislación vixente e son aptas para a realización de ditas prácticas.

DÉCIMA.- Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución do mesmo e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

De conformidade coas previsións contidas na Lei 3/2018, de 5 de decembro, no caso de que o alumnado deba acceder, dentro do seu programa de formación, a datos persoais de persoas físicas, xa sexan estes de persoas usuarias ou persoal das Residencias, o centro educativo comprométese a avalar o compromiso de absoluta confidencialidade dos mesmos e a non divulgalos, transmitilos nin cedelos, sendo responsable persoal e directo do cumprimento desta cláusula. Só queda autorizada a cesión e uso destes datos para os efectos do normal e correcto desenvolvemento das actividades prácticas.

Non pode reflectirse ningún dato persoal, nin das persoas usuarias das Residencias nin do seu persoal traballador, nas memorias de prácticas nin nos traballos que o alumnado poida presentar ao Concello de Marín, como consecuencia da execución das prácticas do curso de formación.

Non se considera por tanto, que, como consecuencia do presente convenio de colaboración exista ningunha cesión de datos persoais entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Marín, distintos dos facilitados para a propia elaboración e xestión do presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Orzamento

Este convenio non supón ningún gasto para a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se precisa consignación orzamentaria.

DÉCIMO SEGUNDA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión paritaria de seguimento do presente convenio integrada por



un representante da Consellería de Política Social e Igualdade, que será designada e nomeada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de maiores e atención socio sanitaria, e a alcaldesa do Concello de Marín, que terá como funcións resolver as cuestións que suscite este convenio na súa execución e garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.

Reuniranse cando así o considere oportuno cada unha das partes.

DÉCIMO TERCEIRA.- *Vixencia e efectos*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e estenderá os seus efectos desde o 5 de setembro de 2024 ata o 25 de novembro de 2024.

Non obstante, en calquera momento antes da finalización do dito prazo poderase acordar, unánimemente por ambas as dúas partes, a súa prórroga.

DÉCIMO CUARTA.- *Modificación e resolución*

As partes asinantes poderán solicitar a modificación do presente convenio, no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula décimo segunda do mesmo. De acordarse a súa modificación, esta formalizarase a través dunha addenda ao presente convenio, que será asinada polas ámbalas dúas partes.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O transcurso do seu prazo de vixencia sen acordarse a prórroga do convenio.
- b) O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio incluído o período de prórroga establecido neste.
- c) O acordo unánime dos asinantes.
- d) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- e) Por decisión xudicial firme declaratoria da nulidade do convenio.

Se no momento da rescisión, algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará estas ata o remate establecido destas.

Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

DÉCIMO QUINTA.- *Obrigas de publicidade*

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo as partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas, de ser o caso, consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire á publicidade do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación





da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, debendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do mesmo serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria.

Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver nesta comisión, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano na data e lugar que se indican no encabezamento.

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

Polo Concello de Marín

A conselleira

A alcaldesa

Fabiola García Martínez

María Pilar Ramallo Vázquez





ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE MARÍN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PRÁCTICA DO ALUMNADO DO CURSO PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE SSCS0208 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE MARÍN EN COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

O alumnado que desenvolverá as prácticas é o que a continuación se detalla.

PRIMEIRA QUENDA do 5 de setembro de 2024 ao 14 de outubro de 2024:

CENTRO DE PRÁCTICAS: RESIDENCIA DE MAIORES DE MARÍN, PERTENCENTE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

APELIDOS E NOME	NIF	QUENDAS	HORARIO
López Somoza, María Jesús	****1911	Do 05/09/2024 ao 14/10/2024	De 09-15 h
Landín Carragal, Teresa	****5668	Do 05/09/2024 ao 14/10/2024	De 15-20 h
Casas Ibáñez, Inés del Mar	****3640	Do 05/09/2024 ao 14/10/2024	De 15-20 h

CENTRO DE PRÁCTICAS: RESIDENCIA DE MAIORES DE CAMPOLONGO, PERTENCENTE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

APELIDOS E NOME	NIF	QUENDAS	HORARIO
Garrido Piñeiro, Antonia	****1469	Do 05/09/2024 ao 14/10/2024	De 09-15 h
Beltrán Rosales, Beatriz	****5797	Do 05/09/2024 ao 14/10/2024	De 09-15 h

SEGUNDA QUENDA do 14 de outubro ao 25 de novembro de 2024

CENTRO DE PRÁCTICAS: RESIDENCIA DE MAIORES DE MARÍN, PERTENCENTE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

APELIDOS E NOME	NIF	QUENDAS	HORARIO
Dopazo González, Carla	****2613	Do 14/10/2024 ao 25/11/2024	De 09-15 h
Rodríguez Cepeda, Vanesa	****0973	Do 14/10/2024 ao 25/11/2024	De 09-15 h
Recamán Rodríguez, M ^a del Mar	****1257	Do 14/10/2024 ao 25/11/2024	De 15-20 h

CENTRO DE PRÁCTICAS: RESIDENCIA DE MAIORES DE CAMPOLONGO, PERTENCENTE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

APELIDOS E NOME	NIF	QUENDAS	HORARIO
-----------------	-----	---------	---------





Villanueva del Río, M ^a Laura	****6416	Do 14/10/2024 ao 25/11/2024	De 09-15 h
Ortiz Yáñez, Dianeth	****3370	Do 14/10/2024 ao 25/11/2024	De 09-15 h

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

Polo Concello de Marín

A conselleira

A alcaldesa

Fabiola García Martínez

María Pilar Ramallo Vázquez

